



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas, Xoaquín Fernández Leiceaga e José Manuel Gallego Lomba, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O pasado mes de decembro do 2006 un numeroso grupo de veciños de Xuño (Porto do Son) facían público o seu malestar pola existencia de numerosas deficiencias no subministro eléctrico.

Máis de 130 veciños canalizaron a través da asociación de veciños Sartaxas as súas queixas pola baixa calidade do servizo eléctrico.

Tamén o colectivo veciñal Tahume de San Pedro de Muro (Porto do Son) facía público o pasado mes de febreiro o seu malestar pola baixa calidade do subministro eléctrico e as continuas alteracións na tensión da rede.


Estes colectivos veciñais poñen de manifesto que moitos fogares están sufrindo constantes subidas e baixadas de voltaxe.

No ánimo de resolver esta problemática os afectados dirixíronse a diferentes institucións e organismos.

Facéndonos eco das deficiencias denunciadas polos veciños de Xuño e de San Pedro de Muro (Porto do Son), os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Ten coñecemento a Consellería de Innovación e Industria das deficiencias denunciadas?
- 2.- Ten feito algunha xestión a Consellería de Innovación e Industria co obxecto de resolver este problema?



 Grupo Parlamentario

3.- Que previsións ten a Consellería de Innovación e Industria de mellorar o subministro eléctrico na zona rural de Porto de Son?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 12 de abril de 2007

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Xoaquín Fernández Leiceaga
José Manuel Gallego Lomba
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lage Tuñas na data 12/04/2007 10:25:03

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/04/2007 10:25:12

José Manuel Gallego Lomba na data 12/04/2007 10:25:23